

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 5 DE XUÑO DE 2008.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D. Antón Lois Noceda Carballo
D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado. (se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín.
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal. (se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta).
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

Interventora:

D^a Marta Roca Naveira.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e once minutos do día cinco de xuño de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D^a Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA EN DATA 8 DE MAIO DE 2008.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 8 de maio de 2008, previamente remitida coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 8 de maio de 2008..

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 297 do 5 de maio de 2008 e a número 363 do 30 de maio de 2008.

3º.- MOCIÓNS URXENTES.-

Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

(Ausentase da sesión o Concelleiro D. Gumersindo Pedro Galego Feal).

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que vai empezar por os rogos e logo ten varias preguntas e que lle gustaría que nas respostas non se lles dean como respostas temas como problemas persoais que impidan o exercizo da vida de calquera persoa e tamén o exercizo do seu cargo como concelleiro e sobre todo as súas obrigas, e empeza polas preguntas.

Di que a primeira vai dirixida ao Sr. Alcalde e é verbo de se se teñen realizadas algunhas xestións respecto ao estado da situación da antiga fábrica Ruber, porque o ano pasado cando o Sr. Puentes era voceiro do grupo socialista denunciaba no seu boletín a perigosa situación de abandono porque era un perigo para a saúde pública. Continúa e pregunta como está o tema da base estratéxica de salvamento mariño que se vai instalar no Polígono de Vilar do Colo. Pregunta ao Sr. Pico Sanmartín por qué non se sinalizaron correctamente as prazas reservadas para as persoas con mobilidade reducida. Pide que se repare a marquesina da Avda. do Tarrío fronte ao mercado municipal, que está sen cristais e solicitan un amaño.

Continúa a súa intervención dicindo que ao lado do Círculo de Perlio, ademais do mal estado no que se atopan as beirarrúas, rompeu a varanda que separa a finca onde está o muíño e solicitan tamén a reparación. Di que volven a repetir neste pleno o absoluto abandono no que se atopan os módulos de Perlio; que están a recibir unha serie de queixas sobre a circulación en dirección prohibida en Rego da Moa, algo que veñen denunciando desde hai tempo, e que saben que a solución de suprimir o carril de aceleración non se vai efectuar nos vindeiros meses polo que solicitan esa solución que propoñía a Policía Local de Fene, que era subir os pivotes un pouco máis mentres non se busque unha solución definitiva.

Pregunta se vai ser posible o paso de peóns na Avda. Naturais fronte ao Gadis, á altura da parada do bus.

Pregunta sobre o estado no que se atopa o Centro de Saúde de Fene; di que hai bancos estragados, que os retiran pero non se poñen novos e os que están mal ás veces nen se retiran. Tamén pregunta quen é o encargado de levar o mantemento do centro social da terceira idade, e que se é a Xunta, instan ao Concello a que solicite da Xunta a reparación dos bancos que se atopan na entrada. Pregunta sobre a mediana das Pías, que está ben plantada, as flores moi bonitas pero entre plantación e plantación hai unha zona que non saben se vai ter que ir toda a corporación a sachala alí. Pregunta ao Concelleiro de persoal por qué non se asinou o convenio, e se é que hai un problema coas actas.

Continúa a Sra. Bértoa Puente e di que sobre o tema dos orzamentos non queren preguntar nada ao Concelleiro de Facenda, aínda que sexa curioso que a día de hoxe aínda non os teñan; que xa lle contestaron case tódolos concelleiros do goberno cada un do seu tema; que tiñan unha resposta na anterior sesión plenaria do Alcalde que dicía que “a mesa de negociación é un condicionante, aínda que se pode aprobar o orzamento sen ter acordo coa mesa de negociación, pero tamén é verdade que a proposta de orzamentos está valorada e á espera de incorporar este acordo”; que o acordo cós traballadores está feito, e o único que falta é pasalo, que está feito desde hai máis de vinte días e como o goberno municipal ten xa unha proposta, imaxina que xa saberá cal é a contía que corresponde a cada área, polo que teñen unha queixa, porque non hai máis que ver cómo está o Concello, tódalas rúas moi mal; que sabe que non hai persoal, polo que quere preguntarlle ao Concelleiro/a que leva o tema de servizos sobre qué orzamentos teñen para contratar persoal para a limpeza de rúas. Di que pregunta sobre un problema que xa é moi traído e levado e que importa moito na vida municipal, que é o tema das licenzas urbanísticas, xa que pasan por comisión informativa, incluso antes de pasar pola Xunta de Goberno, medida á que o Partido Popular nunca se opuxo e sempre apoiou estas comisións, sempre que tiveran un informe favorable dos técnicos, aínda que o informe de Secretaría fora desfavorable, e pregunta por qué, se saen aprobadas pola comisión de urbanismo, algunhas licenzas non van a Xunta de Goberno Local; di que vaian á Xunta de Goberno e se resolvan.

Continúa a súa intervención e pregunta, verbo da auga de Almieiras, dado que na última sesión díxose que estaban a piques de empezar as obras, se xa empezaron e se é así, cómo están.

Di que roga que se exerza un maior control e vixilancia nos parques infantís, porque hai queixas dos pais que din que nestas zonas son habituais o consumo de drogas a todas horas do día.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que tamén quere facer un rogo, con toda a boa vontade do mundo, e que tendo en conta que neste pleno, a diferenza do que ocorre na meirande parte dos plenos de Galicia e desta comarca, se resposta constantemente e oralmente a tódalas preguntas, porque entenden que debe ser así, tamén a oposición debe entender que hai comisións informativas ás que se lle pode preguntar aos concelleiros e nas que se poden plantexar cuestións de xestión diaria, de estado de camiños, de contedores, de augas, e outros temas que se poden plantexar nas comisións e non necesariamente plantexalas en batería no pleno; di que en todo caso o asunto abordaráse entre tódolos grupos, e que o goberno, como sempre, vai responder a tódalas preguntas plantexadas.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e di que en canto á fábrica de Ruber e aos neumáticos acumulados naquela zona, ten que dicir que pleno tras pleno se insiste e se intentan demostrar supostas contradicións entre o que se dicía na oposición e o que se fai no goberno, pero que seguirá insistindo na coherencia e seguirá demostrando a súa coherencia entre o que facía na oposición e o que fai no goberno. Di que efectivamente se preocupou dese tema cando estaba na oposición, que o denunciaron e pediron que se tomasen medidas para controlar unha acumulación esaxerada de neumáticos que había na zona e rodeada de vexetación, o que podía supoñer un risco en caso de incendio e ademais nunhas instalacións que estaban absolutamente descontroladas, nas que entraba xente periódicamente a queimar neumáticos para extraerlles o metal e logo, imaxina, vendelo. Que en canto á situación da Ruber a día de hoxe é que o Concello ten falado coa Consellería de Medio Ambiente para trasladarlle o problema e que o teñan situado, controlado para que tan pronto como lles sexa posible, eses neumáticos sexan retirados da zona e sexan tratados;

que a Consellería ten incluso elaborado unha localización deste tipo de vertedoiros, xa que non é Fene o único que o ten no conxunto de Galicia, para tratar nos vindeiros anos e poder desfacerse de todos estes neumáticos; que o Concello de Fene, como xa dicía na oposición tamén, non ten capacidade para asumilo, pois custaría case uns cen millóns de pesetas cando se intentou mirar isto e é evidente que non se poden gastar cartos municipais en facer iso; que ademáis a Consellería de Medio Ambiente ten avanzado nisto a instancias do goberno municipal e a instancias da preocupación que ten o propio goberno con respecto a este tema; di que a fábrica de Ruber vendéuse recentemente, ten novos propietarios, e que superouse a situación que había de intervención xudicial na que practicamente ninguén se facía responsable destas instalacións e, que él como Alcalde, reuniuse cós novos propietarios e, entre outras cousas, o que lles trasladou como máis importante foi esta preocupación e o control do caucho que, en forma de neumáticos ou noutras formas, ten almacenada a nave; que froito diso, hoxe a nave ten vixiancia, está pechada, e hai unha persoa posta polos novos propietarios que vive nas instalacións facendo as funcións de conserxe e controlando aquilo; di que a situación non é a idónea, que o idóneo sería que se retirase dunha vez, pero que a situación é notablemente mellor desde o punto de vista de que non está descontrolada como estaba no seu momento.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e manifesta que con respecto á base de salvamento marítimo que se vai instalar en Vilar do Colo e que o Ministerio de Fomento vai construír, creando uns trinta postos de traballo aproximadamente, houbo unha xuntanza hai dous ou tres meses entre responsables de salvamento marítimo e o goberno municipal; que había unha serie de cuestións que tiña que resolver o Ministerio de Fomento para que o Concello puidese darlles a licencia de construción e de actividade, e que esas cuestións solventáronse nos pasados días, achegando o Ministerio a documentación que faltaba; que a intención do goberno municipal é que na vindeira comisión de urbanismo vaia xa este expediente. Di que con respecto a Rego da Moa, pódese ver que está xa a estrada pintada con liña amarela de obra, está a sinalización de obra tapada pero xa instalada para empezar, tal e como se lles transmitiu desde a demarcación de estradas, nos vindeiros días, todo o reasfaltado da N-651; que en paralelo có reasfaltado se iniciará tamén o repintado de toda a estrada e concretamente o pintado de Rego da Moa; que na reunión que tivo xunto có concelleiro de obras có responsable de estradas en Galicia, o Concello transmitiulle a necesidade de estudar a limitación de velocidade nesa zona que cren que é elevada, de estudar, tal e como se apuntou tamén neste pleno, a necesidade de poder e de estudar a supresión do carril de aceleración nun tramo determinado de Rego da Moa e facer nese espazo, mentres a Deputación non constrúa a variante da estrada de Barallobre a Magalofes, illetas de incorporación, tal e como se ten falado moitas veces neste pleno; di que mañá concretamente falará con Eduardo Toba, responsable de estradas na Coruña, para concretar exactamente que é o que vai facer estradas en Vilar do Colo; que naquela primeira xuntanza con Angel del Río se lles transmitiu que en principio eran posibles as dúas actuacións, prolongar os pivotes verdes tal e como se sinalaba hai un momento ata despois da curva para que incluso desde Laraxe fora visible o perigo e non se equivocasen os coches e baixasen en dirección contraria en Rego da Moa e tamén a supresión dese carril de aceleración que tiñan que estudar técnicamente, pero que se lles transmitiu a un noventa por cento que era posible; que non cre que vaia para longo porque a idea era facer o repintado no mesmo momento que se asfaltase a estrada e ésta váise asfaltar xa, có cal cre que a solución ten que estar a piques de se producir; di que tamén nesa xuntanza plantexouse o tema do paso de peóns diante do Gadis e que ten que dicir que a proposta que lles transmitiu a Demarcación de Estradas foi que o mirarían, pero que non o vían demasiado factible; que en principio o criterio que utiliza Estradas para poñer os pasos de peóns é distancias non relativamente moi próximas; que alí hai un paso de peóns no cruce de Fene, diante de Caixa Galicia e outro onde está a Avda. do Concello, e que non vían moi factible poñer outro paso máis diante do Gadis; que lles alegaron que era unha zona pola que, houbese ou non paso

de peóns, a xente xa a estaba a cruzar porque están as paradas do bus e o supermercado, así como un certo tránsito de xente nesa zona e que ademais non suporía tampouco unha interrupción demasiado importante para o tráfico rodado no sentido de que xa era un tramo regulado por semáforos e que o tráfico nesa zona era bastante lento; que quedaron de miralo e de dar a resposta de se autorizan ou non a facelo. Di que respecto aos orzamentos, reitérase no dito no último pleno; que hai xa acordo no seo do goberno para esa proposta de orzamentos e que únicamente estase por parte dos servizos económicos do Concello cadrando os últimos números dos acordos cós traballadores; que compromete a súa palabra de que isto farase esta semana e a continuación tódolos grupos terán o borrador dos orzamentos á súa disposición para que poidan traballar cun tempo prudencial e poidan facer aportacións, e unha vez que haxa o maior consenso posible entre o conxunto dos grupos da Corporación, non só do grupo de goberno, poidan ser traídos a pleno e aprobados definitivamente. Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que con respecto ás licenzas urbanísticas, cre que a voceira do Partido Popular ten un erro de concepto neste sentido xa que, é imposible que as licenzas vaian antes á Xunta de goberno que a Comisión de Urbanismo; que non teñen por qué ir á Comisión; que as licenzas rigorosamente só teñen que ir á Xunta de goberno para ser aprobadas, e que aquí no primeiro momento ían só á Xunta de goberno e a oposición dicía que non se enteiraban das licenzas que se aprobaban no Concello, polo que, precisamente, para que a oposición se entere e para que poidan alegar o que estimen oportuno, á hora de aprobar as licenzas urbanísticas, decidiuse que antes de que a Xunta de Goberno as aprobe, pasen pola Comisión informativa e os grupos que están na oposición as poidan ver, coñecer e manifestar o que estimen oportuno, e logo, a Xunta de Goberno resolva, tendo en conta esa consideración da Comisión informativa, e que iso se fixo por unha cuestión de maior transparencia e de compartir máis cós grupos da oposición.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que o que dixo foi unha crítica e unha pregunta, por qué, se unha vez que pasan por comisión informativa estanse a atrasar tanto.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que ás comisións de urbanismo van as licenzas, os grupos da oposición e de goberno deliberan o que estiman oportuno sobre cada licenza, se informan e pasan á Xunta de Goberno; que, por exemplo, as licenzas que pasaron por comisión de urbanismo a semana pasada, foron hoxe á Xunta de Goberno e isto fáise tódolos meses; que só houbo un pequeno grupo de licenzas das que foron a semana pasada á comisión de urbanismo que, porque teñen, a xuízo do goberno municipal, unhas certas dificultades, ou dúbidas, ou porque teñen que aclarar unhas cuestións técnicas antes de outorgar esas licenzas, por seguridade e ter a garantía de cumprir estrictamente a lei no outorgamento desas licenzas, preferiron deixalas sobre a mesa unha semana, estudialas con maior profundidade, cotexalas coa lexislación vixente e logo poder dalas, pero que practicamente tódolos meses o cento por cento das licenzas que pasan por comisión de urbanismo van á Xunta de Goberno, e que neste mes, o noventa ou o noventa e cinco por cento que foron, aprobáronse hoxe en Xunta de Goberno dacordo có ditame da comisión de urbanismo; di que, agora ben, a Xunta de Goberno Local que é quen ten a potestade de aprobalas, ten tamén a potestade, se ten dúbidas sobre a legalidade dalgunha licenza, de deixala sobre a mesa, para estudiala e decidir con máis criterios e con máis argumentos o día que o teña que decidir e que teña que respostar sobre elas; que se trata de licenzas de grandes edificacións e de grandes promocións inmobiliarias que xeran algún tipo de dúbida e que queren cotexar e comprobar con maior calma.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. García Balado quen, unha vez concedido, manifesta que, no referente á mediana da estrada das Pias, para poder rematar de limpala, ten que deixar de chover, porque cando se empezou a plantar, ao replantar a flor colléuse

unha semana boa e para poder seguir plantando hai que botarlle herbicida e mentres choiva non se pode porque non faría efecto, polo que estáse á espera de que se poida botar herbicida, que éste faga efecto e logo seguir adecentádoa.

(Auséntase da sesión a Concelleira D^a Amalia García Balado).

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que as prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida están ben pintadas; que o único que faltan son as sinais verticais que están pedidas e aínda non chegaron.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto á sinatura do convenio do persoal do Concello e sobre as actas, ten que dicir que houbo un problema que cualifica como anormal dentro do proceso de confección das actas da última xuntanza onde se acadou un acordo cós traballadores do Concello, acordo que xa foi ratificado polos traballadores e manifesta que hoxe está en condicións de poder dicir que a xuntanza das vindeiras comisións será o vindeiro xoves e que esperan que aí se remate o proceso; e que de tódolos xeitos quere informar que había algúns pequenos flecos que en principio non afectaban, ou polo menos no groso, ao custo económico do acordo cós traballadores, pero si á concreción técnica dalgún dos puntos acordados con eles que precisaban do seu desenvolvemento; que había incluso algún traballo que tiña que facer a propia parte social, os sindicatos, e que aínda hoxe tiveron unha xuntanza con eles para tratar de pechar eses flecos que eran meramente técnicos e, precisamente a puxeron para o xoves porque lles quedaban por concretar algúns aspectos, concretamente no tema da policía municipal e do procedemento de acceso ao nivel 20, xa que quedara aberto e quedaron os sindicatos de mirar có colectivo unha proposta para traer á mesa de negociación; que en todo caso o acordo nestes momentos é practicamente unha realidade; que no que se está xa a traballar é unicamente, aparte do tema das actas, nalgúns aspectos do seu desenvolvemento, porque plantexaron algunha dúbida legal tal como viñan plantexados; que en principio non crían que tiveran problemas e houbo que buscarlles nova formulación; que de feito, algún dos problemas que tiñan pendentes cós traballadores era o servizo de atención a domicilio en canto á solución do problema do tempo que destinan ao traslado entre domicilios; que elas plantexaban unha solución que en principio lles parecía aceptable pero que lles informaron desde o servizo que é tecnicamente inviable, polo que estiveron estes días mantendo xuntanzas con elas para buscarlles unha solución transitoria, xa que, como ben saben todos, ese servizo, dada a entrada en vigor da lei de dependencia, está abocado a ter unha profunda transformación da que pouco a pouco supón que a Concelleira do servizo irá informando porque é a quen lle corresponde. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que quere comentar que, verbo dalgúns dos temas que estaban acordados cós traballadores, existe algún problema técnico e que van mirar se ten solución nestes días, xa que afectan á súa viabilidade desde o punto de vista económico en canto á normativa que ten desenvolvida o estado e do que non eran coñecedores ata este momento e do que terán que informar aos traballadores, pero que, en calquera caso, son flecos técnicos e están no camiño de solventalos e que algunhas cousas están tardando máis que outras, e non condicionan a sinatura do acordo, porque se pode asinar pendente de que eses flecos se sigan desenvolvendo para a súa aplicación máis adiante; que e o único que atrasou a sinatura foi a xestión das actas da comisión; que espera que na vindeira Comisión de persoal teña tamén unha versión que darlle aos membros da mesma verbo do que pasou nestas dúas semanas e pico para que as actas non estiveran confeccionadas; que reconece que a día de hoxe, como concelleiro de persoal, se lle escapa o motivo último da complexidade técnica dese traballo que xustifique esta demora de tempo, que en calquera caso é un tempo que se gañou para avanzar nos temas técnicos e que cre que lles vai posibilitar que o vindeiro xoves non soamente asinen o acordo en termos xerais que teñen os traballadores xa ratificados, senón incluso, o desenvolvemento técnico do mesmo.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto ás preguntas que competen á súa concellería, vai englobalas nunha resposta para todas e que, se queda algunha pendente, que se lle pregunte. Di que se fala de marquesinas, de beirarrúas, de varandas, de limpeza de rúas, e que ben sabe dos problemas que hai e ao que podería engadir asfaltados, desbroces, xardinería, xa que hai moitos traballos pendentes de facer, e que o persoal que teñen hoxe é insuficiente para facer eses traballos; que se está relentizando bastante a contratación de persoal e como solución, van subcontratar certos traballos mentres non se contrata o persoal. Continúa a súa intervención e di que sobre o tema do orzamento, a día de hoxe, ten que dicir que non hai unha partida exacta que vaia para estes traballos de limpeza de rúas, porque están a traballar có orzamento prorrogado e están á espera da aprobación, para xa saber con qué importe contar.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que no referente ao abastecemento á rúa de Almieiras e saneamento no camiño de Lourenzá, está adxudicada a obra, que conta con tódolos permisos e que ten que estar rematada antes do 30 de xuño; di que o estado de execución é que aínda non empezaron pero que é inminente o seu comezo

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai empezar por un rogo sobre a Galescola de Perlio, onde hai catro focos de dous mil cincocentos vatios que están acesos toda a noite e é unha pena que se estea derrochando aí electricidade, consumo e diñeiro do Concello; que se podería deixar funcionando un só para que quede aquilo con iluminación, xa que os veciños din que ata deslumbran.

Continúa a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez e di que sobre a reurbanización de Marqués de Figueroa había unha petición da Asociación de Veciños de Perlio de que cando se fixese iso se cambiara a parada do bus, e pregunta si se vai levar a parada para ese sitio. Di que tamén se fala de que nesa mesma rúa vánse poñer bolardos para que os coches non aparquen enriba das beirarrúas e pregunta se está previsto facelo; di que sería bo que se fixera para a rúa enteira.

Di que hai dúas semanas ou tres, estívose a facer unha selección de persoal para formación de alumnos para os cursos e que quere saber cantos dos cursos se pretenden dar, si se alcanzou o número de persoal suficiente, e cando van empezar.

Continúa a súa intervención e manifesta que outra pregunta é sobre unha noticia de prensa de hai unha semana onde se dicía que a Deputación vai dar noventa mil euros para renovar a maquinaria de servizos e mantemento e pregunta qué material e qué maquinaria se vai comprar con ese diñeiro. Pregunta, en relación aos sesenta e cinco mil euros de Medio rural, se esta cantidade é para unhas obras verbo das que xa había un consenso entre os diferentes grupos ou hai algunha obra nova. Pregunta por unha reunión que houbo onte có Director Xeral de Urbanismo da Xunta e di que quere saber de qué tratou a reunión. Pregunta en relación ao que se fala de crear un transporte público entre as diferentes parroquias, se hai algún borrador, algún estudio feito sobre a viabilidade, frecuencia, posibles usuarios, lugares de percorrido e si se falou con algunha empresa que estea interesada. Pregunta en relación ao saneamento e auga en San Marcos na parta alta de Sillobre que ía subvencionar a Xunta de Galicia, si se vai facer todo á vez, ou si se vai facer por fases e cáles van ser as prioridades.

Remata a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez e di que a última pregunta que tiña era sobre a sinatura do convenio do persoal do Concello, pero que xa lle quedou respostada polo Sr. Noceda Carballo e dáse por enteirado.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente quen manifesta que sobre os sesenta e cinco mil euros de Medio rural son efectivamente para o que xa se falara entre os diferentes grupos: os camiños a asfaltar en Mundín e o amaño do estanque da praia de Río Sandeu para protexer as beiras do estanque e para sanear a zona; di que o que leu na prensa, e é a novidade, é, non que se variasen as obras, senón que se asinou o convenio coa Consellería do Medio Rural para nos vindeiros meses poder licitar e contratar esas obras.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que na xuntanza có Director Xeral de Urbanismo que foi hoxe pola mañá tratáronse diversos asuntos, pero fundamentalmente dous ou tres: un sobre a solicitude de subvención que ten feita o Concello a Política Territorial para adaptar o Plan de Urbanismo á Lei do Solo, xa que Fene é un dos Concellos galegos que aínda non o teñen adaptado e isto ven xerando dificultades á hora de outorgamento de licenzas, e tamén á hora de que a lei de protección do litoral, que ao non ter o plan adaptado, ten vixencia en Fene, polo que, unha parte considerable de Perlio, xunto con outras zonas do Concello, neste momento teñen paralizada a construción, precisamente por estar dentro dos cincocentos metros de proximidade á Costa, polo que se interesaron polo estado desta subvención, porque é vital, e se a Xunta a concede poderán facer a adaptación do plan de urbanismo, e se non a dan non se poderá facer porque son bastantes millóns de pesetas; di que o que transmitiu o director xeral de urbanismo é que a resolución coñeceráse nos vindeiros días, pero que en principio tódolos informes que tiña o Concello de Fene eran favorables. Di que tamén se lle plantexou outra necesidade; que Fene, a parte do plan de urbanismo, ten unha cartografía, uns planos do conxunto do termo municipal absolutamente obsoletos, xa que foi dos primeiros Concellos que tivo isto pero, precisamente por iso, xa son moi antigos, xa que son do ano noventa e neses planos non aparecen a autopista, o polígono industrial e moitas das construcións que desde finais dos anos oitenta ata hoxe se fixeron en Fene; que dado que esta planimetría, xunto có plan de urbanismo é o que se utiliza para dar as licencias, está a xerar dificultades importantes na área de urbanismo, porque hai elementos que están e existen fisicamente no terreo pero non aparecen na cartografía; que facer unha cartografía deste tipo custaría, ao mellor, trinta millóns de pesetas, moitos cartos para o Concello, polo que pedíuselle á Xunta que, ademáis da subvención, votasen unha má e facilitasen a actualización da cartografía municipal; e que a resposta do director xeral de urbanismo foi favorable no sentido de que xa non se opera desde a Xunta de Galicia como se operaba antes, que se lle daban cartos ao Concello para que os gastasen cada un como quería e cada un facendo á escala que quería, senón que agora o que se fai é que desde a Xunta fánse cartografías do conxunto da provincia e logo se lle facilitan aos Concellos; que quedaron de miralo, dado que está previsto un voo da provincia para fotografar toda a provincia próximamente, e que acadaron con él o compromiso de que se fotografiara Fene, xunto có resto da provincia; que de Fene faráse tamén unha cartografía; di que unha consulta que se lle enviara no seu día á Dirección Xeral de Urbanismo, se volvéuselle a plantexar hoxe ao director xeral, con respecto á necesidade da modificación puntual do plan para ampliar o polígono industrial de Vilar do Colo; di que Fene ten iniciada unha modificación puntual do plan de trescentos mil metros cadrados para gañarlle terreo industrial en Vilar do Colo, e que este goberno ten un acordo con Sepes para que, en vez de ser trescentos mil, sexan oitocentos mil metros cadrados os que se amplíen, polo que esa modificación puntual, que estaba iniciada, hai que reformala para que en vez de trescentos, sexan oitocentos mil metros cadrados os que se sumen en Vilar do Colo ao polígono industrial; di que había unha dúbida legal, no sentido de que cando un Concello, segundo di a lei do solo, inicia a revisión dun plan, non pode tramitar modificacións puntuais, polo que tiñan medo de que esa revisión do plan, para adaptalo á lei do solo, paralizase a modificación puntual que hai que tramitar para

ampliar o polígono industrial e que non se puidese ampliar o polígono ata que non se tivese o plan adaptado; di que ao respecto, a resposta do director xeral de urbanismo foi totalmente satisfactoria, porque dixo que, ao ter o Concello esta modificación puntual tramitada no seu día, e dado que o que se ía facer agora non era iniciar unha modificación puntual nova senón modificar a que xa estaba iniciada, non habería problema e que a Xunta de Galicia autorizará a tramitar esa ampliación do polígono industrial.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, sobre o tema do transporte público entre as diferentes parroquias, o que hai é unha necesidade recoñecida por tódolos grupos e polo conxunto de veciños e veciñas de Fene de ter algo máis ordenado do que está neste momento o transporte dentro do Concello, e de ter tamén un servizo de transporte entre as diferentes parroquias do Concello; di que cre que é algo que levaban todos nos programas electorais cando se presentaron ás eleccións; que é complicado, como sempre se dixo, porque Fene ten nestes momentos tres concesións de transporte que atravesan o Concello: a de Arriba, Autocares Capela e Monbús; que as concesións de transporte que faga a Xunta de Galicia ou os servizos de transporte que Fene poida levar a cabo, non poden interferir nunca coas concesións de transporte que hai nestes momentos; di que, por exemplo, a estrada de Magalofes ten unha concesión de transportes, que ten Arriba e non a explota, non hai un autobús que pase por Magalofes a recoller á xente, pero teñen concedido ese servizo; e que unha vez desde o Concello, no pasado, se lle reclamara que o puxeran en marcha, xa que o tiñan concedido durante unha tempada curta e, como non había viaxeiros a suprimiron e eles non a soltan porque a teñen concedida e tampouco a explotan; que diante desa difícil situación e diante da evidencia de que Fene está atravesado por diferentes empresas de transporte que non dan servizos para moverse entre as parroquias, decidiron reunirse coa dirección xeral de transportes da Xunta de Galicia para ver o xeito no que se puidese implantar unha liña de transporte municipal e o xeito de que se puidera dar un servizo aos veciños de Fene que se queiran mover entre as diferentes parroquias e a Xunta transmite que evidentemente non é fácil, pero que cren que hai algunha posibilidade e que dentro do ordenamento da lei de mobilidade que está a piques de aprobar a Consellería de Política Territorial para levala ao Parlamento de Galicia ao obxecto de aprobala, habería posibilidade de incluír un servizo de transporte deste tipo; di que solicitaron do Concello que remitira unha proposta, nen sequera un estudio de viabilidade, relativa a qué liñas se necesitarían e por ónde se necesitaría que discurrise este transporte público e que niso están; que se remitirá á Xunta de Galicia, o coñecerán tódolos grupos e ésta dirá se legalmente é posible ou non conceder este servizo de transporte nas parroquias, polo que non hai iniciado ningún contacto con empresas.

Continúa dicindo que sobre o tema de saneamento de San Marcos, da Rañoa e de Buio, que son os tres núcleos que se lle trasladaron ao Consello de Medio Ambiente, ten que dicir que o Concello de Fene fixo unha memoria valorada do que custaba levar a auga e o saneamento ao conxunto de San Marcos, a Buio e a Rañoa; que a memoria di que levarlle o saneamento a toda esta zona custa algo máis de oitocentos mil euros, practicamente un millón de euros e levar a auga a toda esta zona custa un millón e pico de euros; que é evidente que o Concello non ten capacidade para poder acometer esta obra, polo que se lle pasou a memoria valorada á Consellería de Medio Ambiente para que, igual que se vai facer coa auga de Magalofes, se financie o custo da obra; di que se lle trasladou o conxunto da obra, auga e saneamento a tódolos lugares citados e que a Consellería de Medio Ambiente di que a obra é asumible por ela e piden unha condición que é que no mes de setembro se poida ter xa o proxecto na Consellería para metelo nos orzamentos da Xunta e poder executar a obra; que o proxecto xa está encargado desde o día seguinte ao que viñeron da Consellería de Medio Ambiente, e que cando estea redactado haberá que traelo a pleno para aprobar e remitilo á Consellería para que o financie, e que si se consegue facer isto, cubriríase con auga e saneamento a última gran zona de Fene que queda sen servizo de abastecemento, porque o

que quedarían son lugares en parroquias onde habería que ir estendendo a rede, pero non un núcleo tan grande como este.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto á reurbanización de Marques de Figueroa, pola Asociación de Veciños de Perlio plantexouse o tema de levala cara á praza da escola, polos problemas de circulación que pode ocasionar onde está agora; que hai que falar con transportes pero que pola súa parte non hai ningún problema; di que a reurbanización vai consistir nunha continuidade do que estíbese a facer, cambiar as beirarrúas, farolas, poñer bancos; que sobre os bolardos di que hai unha partida para poñelos na zona que se vai facer, pero que vai unha partida un pouco máis grande para comprar bolardos e colocalos ao longo de todo Marqués de Figueroa para evitar que os coches aparquen enriba das beirarrúas; que tamén quere ampliar un pouco a información que deu o Sr. Alcalde verbo do tema de Medio Rural, e manifesta que había cincuenta mil euros para facer a adecuación do estanque de Río Sandeu e a pavimentación de camiños en Mundín pero que a maiores, cando foron a asinar o convenio, lles dixeron que había quince mil euros máis; que hai que falar cós voceiros dos distintos grupos para ver ónde se invisten.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto aos cursos de formación, ten que dicir que o curso de carpintería ten alumnos suficientes e que está previsto que se poida realizar nos vindeiros días; que cre que ao de cachoteiro lle faltan un ou dous alumnos para cubrir o mínimo e que pode dicir case con seguridade que se poderá realizar; que os outros cursos teñen un número moi baixo de demandas; que váise volver a realizar, ao efecto de que se poidan completar os alumnos do resto dos cursos, unha acción de publicidade nos medios e que tamén realizaránse algunhas accións de cara a captar dalgún lado alumnos entre xoves e adultos pertencentes a colectivos con especiais dificultades de inserción; di que en canto ao proceso de selección do profesorado está todo convocado; que o luns reuniránse os diferentes tribunais para os procesos selectivos e que, en todo caso, mantívose a prudencia na convocatoria, xa que se especificou que o contrato faríase efectivo no seu momento se o curso reúne as condicións para realizarse; que nestes momentos hai un que se vai impartir con seguridade e outro practicamente tamén; que a raíz destes datos, e tendo en conta os datos do ano pasado, mantívose unha xuntanza cós técnicos do servizo en canto a reorientar as accións de formación, xa que viñan detectando desde o ano pasado que algúns dos cursos que se ofertan teñen unha demanda relativamente baixa, por diversos motivos, entre outros, porque son diferentes as entidades que convocan os mesmos cursos dentro da comarca de Ferrolterra e non hai unha demanda para tantos cursos nestes momentos; que a raíz dos datos que están a ter da convocatoria deste ano, hoxe mantívose unha xuntanza cós técnicos do servizo onde se acordou con eles que se axilizarán os traballos de cara á dotación de novas áreas de actuación, ao obxecto de orientar as opcións de formación cara esas áreas, porque evidentemente este non é un proceso que vaia poder ser inmediato, porque primeiro terían que homologar esas novas especialidades para logo poder realizar os cursos, e tamén trasladar á Consellería de Traballo que as prioridades que ten fixadas para a comarca é hoxe unha realidade que hai unha sobreoferta de cursos de formación; di que ven especialmente urxente reorientar os traballos das actuacións no ámbito da formación para o emprego.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que con respecto á iluminación da galescola ten que dicir que se trata dun camiño novo que se abriu para o tránsito de vehículos con motivo da apertura da galescola, e que no seu momento fíxose un estudio porque se trata dun camiño estreito e con curva e véuse necesario poñer catro puntos de luz; di que non tiña noticias de que foran demasiados puntos para a noite e que de tódolos xeitos o mirarán para poder regulalo e poñer a funcionar dúas; que, de tódolos xeitos o camiño é moi estreito e perigoso se non está iluminado. Continúa

dicindo que no tema da subvención que se recibiu da Deputación de noventa mil euros, como xa informou na comisión o venres pasado, trátase de vehículos e de maquinaria para mellorar os servizos, tanto de limpeza de rúas como de xardinería, e do mesmo xeito reducir custes para o Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e nove minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.